

MAG/avr

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar a seguinte modificación de crédito:

1.- CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA DOTAR A APLICACIÓN 26/942.9420.762.85 CO FIN DE FINANCIAR O PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025)

Co Plan Extra 2025, a Deputación pretende impulsar, unha vez máis, investimentos públicos que posibiliten a modernización do territorio, que contribúan a fixar e atraer poboación e que senten as bases dun crecemento sostible e equilibrado, para o que é indispensable que as infraestruturas e dotacións sobre as que se sustenten os servizos públicos estean evolucionadas de forma adecuada.

En consecuencia, a Deputación asume de novo o reto non só de exercer, senón tamén de fortalecer as súas competencias como garante do protagonismo que os Concellos deben ter na construción dunha provincia cohesionada e equilibrada territorialmente e, por conseguinte, no marco das competencias previstas no artigo 36.2.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 32 e 33 do Real decreto lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, activa un novo Plan Provincia Extraordinaria adaptado ás necesidades dos concellos e orientado ao financiamento de investimentos de relevancia estratéxica, operativos, eficientes e transformadores, cun efecto positivo real no modelo de vida que queremos para a nosa veciñanza.

Así, o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 30/09/2025, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025)*”, publicadas no BOPPO núm. 189, do 3 de outubro de 2025, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

A Deputación de Pontevedra, para facer fronte as necesidades dos Concellos que cumpren os requisitos recollidos nas bases, formula a necesidade de suplementar a aplicación orzamentaria dado que todos eles presentaron proxectos que reúnen os criterios para ser subvencionables e que ademais se constata que a puntuación outorgada (superior aos 57 puntos en todos os casos), especialmente en relación aos criterios de calidade e carácter estratéxico esixidos na convocatoria, cumpren cuns parámetros mínimos que garanten a adecuación dos proxectos presentados coa finalidade e o espírito do Plan Extra, polo que se estima adecuado incrementar o crédito da convocatoria para que todas as solicitudes admitidas, que ademais acadan unha puntuación suficiente para acreditar o nivel de competitividade dos proxectos e o cumprimento dos obxectivos do Plan, poidan recibir financiamento.

O financiamento deste plan contempla un total de **trinta e cinco millóns (35.000.000,00 €) de euros**, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2025, que se imputan contra a aplicación orzamentaria **25/942.9420.762.85 A CONCELLOS, PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025)_COOPERACIÓN**



Visto que non existe crédito suficiente para axudar a todos os anteditos Concellos con este plan, e considerándose necesario e conveniente dotar de crédito a aplicación para permitir que todos eles, e dadas as circunstancias que dan orixe a este plan, poidan ter unha resposta adecuada e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial.

Visto que o artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista crédito no orzamento da corporación, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario.

Polo antedito, solicítase a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para dotar con crédito extraordinario por importe de un millón novecientos cincuenta e tres mil novecientos cincuenta euros con vinte e oito céntimos (1.953.950,28 €) a aplicación orzamentaria **26/942.9420.762.85 A CONCELLOS, PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025)_COOPERACIÓN.**

CONCLUSIÓN

Visto o interese que supoñen as devanditas actuacións, das que se beneficiarán os concellos destinatarios da Provincia de Pontevedra, considérase que se cumpre a finalidade fundamental da Deputación respecto do aseguramento da prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. En consecuencia, cómpre que se fagan os trámites oportunos para dotar do crédito necesario a aplicación orzamentaria correspondente para facer fronte ás necesidades de financiamento expostas.

Aplicación	Denominación	Importe
26/942.9420.762.85	A CONCELLOS, PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025)_COOPERACIÓN	1.953.950,28 €

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Cooperación, Marcos Areán González

Conforme, a deputada delegada da Área de Cooperación Local, María Pilar Ramallo Vázquez

INTERVENCIÓN



MAG/mcm

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar a seguinte modificación de crédito:

1- MODIFICACIÓN DO ANEXO II DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL PARA O ANO 2026 EN RELACIÓN CO BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS XORNADAS TRANSFRONTEIRIZAS DE BALONMÁN CONCEDIDA Á FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE BALONMANO (Q-2878006B) POR IMPORTE DE 25.000,00 €

O Pleno da Corporación provincial, na súa sesión extraordinaria do día 7 de novembro de 2025, mediante acordo número 1.8537, aprobou inicialmente o orzamento da Deputación Provincial para o exercicio 2026 (Exptes.2025071133-2025070722-20225054063). Na sesión ordinaria do día 26 de decembro de 2025, o Pleno da Deputación acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026, incluíndo as Bases de Execución do Orzamento (BOPPO numero 248 de 30 de decembro de 2025)

No anexo II das ditas bases, existe un erro de feito nas subvencións nominativas a tramitar polo servizo de cooperación, respecto á subvención a favor da Federación Española de Balonmano (CIF:Q2878006B) para o desenvolvemento das xornadas transfronteirizas de balonmán por importe de 25.000 €. Dito erro consiste en que a entidade beneficiaria da subvención non é a Federación Española de Balonmano (CIF:Q2878006B) senón a Federación Galega de Balonmán (CIF:G36690832) dado que, o obxecto da subvención é a realización dunhas xornadas transfronteirizas de balonmán nun dos concellos da provincia pertencentes a área fronteiriza co país veciño.

Segundo o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesado, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o exposto nos puntos anteriores, solicítase a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para corrixir o anexo II das bases do orzamento xeral de Deputación para o exercicio 2026, de xeito que ONDE DI:

942.9431.48901 OTRAS TRANSFERENCIAS, "VARIAS"

NIF/CIF	BENEFICIARIO	IMPORTE	FINALIDADE
Q2878006B	FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE BALONMANO	25.000,00 €	XORNADAS TRANSFRONTEIRIZAS DE BALONMANO



DEBE DICIR:

942.9431.48901 OTRAS TRANSFERENCIAS, "VARIAS"

NIF/CIF	BENEFICIARIO	IMPORTE	FINALIDADE
G36690832	FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN	25.000,00 €	XORNADAS TRANSFRONTEIRIZAS DE BALONMANO

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Cooperación, Marcos Areán González

Conforme, o deputado delegado de Cooperación Transfronteiriza, Roberto José Álvarez Carrero.

INTERVENCIÓN



MAG/mcm

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar a seguinte modificación de crédito:

1- DOTACIÓN DE CRÉDITO NA APLICACIÓN ORZAMENTARIA 26/942.1722.227.06 ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS do proxecto 0550: ECOFRONT MINHO 1 P: Espazos conservados na fronte da Cooperación Transfronteiriza e a sustentabilidade ambiental do río Miño, aprobado na 6ª convocatoria do POCTEP 2021-2027, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

O Pleno da Corporación Provincial na súa xestión ordinaria do día 27 de febreiro de 2026 aprobou mediante o acordo nº.8.8592 a aceptación da axuda concedida ao Proxecto 0550_ECOFRONT_MINHO_1_P. Dito proxecto ten como obxectivo principal deseñar estratexias conxuntas para coordinar a xestión das infraestruturas verdes e valorizar o patrimonio natural do río Minho transfronteirizo, establecendo as bases necesarias para conseguir o seu recoñecemento como reservas de biosfera transfronteiriza da UNESCO.

O proxecto ten carácter plurianual, cunha duración de 36 meses, entre os anos 2026 e 2028, cun custo total elixible de 985.435,53 €, unha aportación FEDER aprobada de 739.076,65 € (o 75%), correspondéndolle á Deputación de Pontevedra un orzamento de 414.996,84 € -custo elixible-, e 311.247,63 € de aportación FEDER.

Polo antedito é necesaria a tramitación dun expediente de suplemento de crédito para dotar de 3.883,11 € á partida **26/942.1722.227.06 ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS PROXECTO (PROX. 2600007-ECOFRONT MINHO)**

2- DOTACIÓN DE CRÉDITO NA APLICACIÓN ORZAMENTARIA 26/942.9250.227.06 ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS do proxecto 0594: ACTIVA RURAL TRANSFRONTERIZO 6 E: Innovación e coidados para unha vida no medio rural transfronteirizo, aprobado na 7ª convocatoria do POCTEP 2021-2027, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa xestión ordinaria do día 27 de febreiro de 2026, aprobou mediante o acordo nº 10.8594 a aceptación da axuda concedida ao Proxecto 0549_ACTIVA_RURAL_TRANSFRONTEIRIZO_6_E. Dito proxecto busca promover un modelo inclusivo, accesible, e sostible de coidados asistenciais e socio-sanitarios para persoas maiores en áreas rurais transfronteirizas, mediante o desenvolvemento de Aldeas Smarthaus que integren tecnoloxías asistenciais, participación comunitaria e actividades orientadas ao envellecemento activo, aplicando principios da Nova Bauhaus Europea.

O proxecto ten carácter plurianual, cunha duración de 36 meses, entre os anos 2026 e 2028, cun custo total elixible de 4.492.695,00€ €, unha aportación FEDER aprobada de 3.369.521,25 € (o 75%), correspondéndolle á Deputación de Pontevedra (BP) un orzamento de 604.457,50 € -custo elixible-, e 453.343,13 € de aportación FEDER.



Polo antedito, é necesaria a tramitación dun expediente de suplemento de crédito para dotar de 31.280,45 € á partida **26/942.9250.227.06 ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS (PROX. 2600005 ACTIVA RURAL TRANSFRONTEIRIZO)**

3- DOTACIÓN DE CRÉDITO NA APLICACIÓN ORZAMENTARIA 26/942.4253.227.06 ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS do proxecto 0543 SMART BUILDING COOP 1 E: Xestión e transformación para a eficiencia enerxética e a sustentabilidade dos edificios, aprobado na 6ª convocatoria do POCTEP 2021-2027, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa xestión ordinaria do día 27 de febreiro de 2026, aprobou mediante o acordo nº 9.8593 a aceptación da axuda concedida ao Proxecto 0543_SMART_BUILDING_COOP_1_E. O obxectivo do proxecto é xestionar e transformar, para a mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade, os edificios de titularidade pública das entidades locais, mediante o emprego da Intelixencia Artificial e outras tecnoloxías.

O proxecto ten carácter plurianual, cunha duración de 32 meses, entre os anos 2026 e 2028, cun custo total elixible de 2.443.410,92 €, e unha aportación FEDER aprobada de 1.832.558,18 € (o 75%), correspondéndolle á Deputación de Pontevedra (BP) un orzamento de 534.336,67 € -custo elixible-, e 400.752,50 € de aportación FEDER.

Polo antedito, é necesaria a tramitación dun expediente de suplemento de crédito para dotar de 59.514,47 € á partida **26/942.4253.227.06 ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS (PROX. 202600006 SMART BUILDING)**

Aplicación	Denominación	Importe
Dotar de crédito a aplicación 26/942.1722.227.06	26/942.1722.227.06 ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS PROXECTO (PROX. 2600007- ECOFRONT_MINHO)	3.883,11 €
Dotar de crédito a aplicación 26/942.9250.227.06	26/942.9250.227.06 ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS (PROX. 2600005 ACTIVA_RURAL_TRANSFRONTEIRIZO)	31.280,45 €
Dotar de crédito a aplicación 26/942.4253.227.06	26/942.4253.227.06 ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS (PROX. 202600006 SMART_BUILDING)	59.514,47 €

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Cooperación, Marcos Areán González

Conforme, o deputado delegado de Acción Comunitaria, Equipamentos Públicos, Fondos Europeos e Estación Fitopatolóxica Areiro

INTERVENCIÓN



MAG/pnb

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN

1. DOTAR CON CRÉDITO A APLICACIÓN 2026/942.9420.762.74 PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SOUTOMAIOR, AO ABEIRO DO PROGRAMA PON2030, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PEONALIZACIÓN DE RÚA DE PORTAS E RÚA LAVANDEIRA, ARCADE-CAMIÑO DE SANTIAGO” (Expdte: 2023030379)

O artigo 177.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo de 2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais, así como o artigo 35 do Real Decreto 500/900, de 20 de abril, establecen que os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte, e para o que non existe crédito ou é insuficiente o existente.

A presente modificación do orzamento vixente, instrumentada mediante o expediente núm. 2/2026, por importe de 395.538,12 euros (394.838,12 euros de principal e 700 euros en concepto de costas) obedece obrigatoriedade de dar cumprimento a sentenza 256/2025, do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 de Pontevedra.

Dita resolución xudicial estima o recurso interposto polo Concello de Soutomaior contra o acordo do Pleno da Deputación de data 15/09/2023, que



desestima o recurso de reposición fronte a resolución de data 23/06/2023.

Esta última denega ao Concello a subvención, ao abeiro do Programa PON2030 para o financiamento do investimento “Peonalización de rúa de Portas e rúa Lavandeira, Arcade-Camiño de Santiago” (Expdte:2023030379).

A sentenza condena a esta Administración a modificar a puntuación obtida polo proxecto e, en consecuencia, a conceder ao Concello de Soutomaior a subvención correspondente, así como ao aboamento dos custos procesuais co límite establecido no fundamento de dereito terceiro.

Tras exame do fallo, determínase que non procede a liquidación dos intereses legais, toda vez que a sentenza fixa o dies a quo para o seu cálculo “a data na que debeu ter sido recoñecida e transferida ao Concello”. Dado que na actualidade aínda non se perfeccionou o recoñecemento da obriga nin o pagamento efectivo, non se devengou importe por este concepto.

Quedando acreditado o carácter específico e determinado do gasto, a inexistencia de financiamento no orzamento vixente e a imposibilidade de demorar a súa execución ata o vindeiro exercicio- sendo imprescindible dar cumprimento ao mandato xudicial á maior brevidade-, propónse dotar de crédito extraordinario á aplicación adecuada á natureza do gasto que se pretende contraer, a cal se detalla a continuación:

2026/942.9420.762.74- 395.538,12 euros (394.838,12 euros de subvención e 700 euros en concepto de costas).

O que lle traslado aos efectos oportunos.

(Documento asinado dixitalmente na data que figura á marxe)



MAG/SFL

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN E DE XERAR CRÉDITO DENTRO DOS PROXECTOS DE GASTO “2610001 PAI VAL MIÑOR BAIONA”, “2610002 PAI VAL MIÑOR GONDOMAR”, “2610003 PAI VAL MIÑOR NIGRÁN” e “2610004 PAI VAL MIÑOR AUF”

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

1.-DOTAR CON CRÉDITO AS APLICACIÓNS DOS PROXECTOS DE GASTO “2610001 PAI VAL MIÑOR BAIONA”, “2610002 PAI VAL MIÑOR GONDOMAR”, “2610003 PAI VAL MIÑOR NIGRÁN” e “2610004 PAI VAL MIÑOR AUF” PARA FINANCIAR O “PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO VAL MIÑOR 15 MINUTOS”

A Deputación de Pontevedra anticipándose a unha potencial convocatoria de axudas no marco do OE RSO5.1 do Programa Operativo Plurirrexional de España 2021-2027 (POPE), encargou externamente a realización dun estudo para a identificación, definición e priorización das Áreas Urbanas Funcionais da Provincia de Pontevedra (CSV: VHC7DB2BML2442E0).

Mediante a Resolución Presidencial número RP2025001372, de data 26/02/2025 aprobouse o Plan de Actuación Integrado “Val Miñor 15 minutos” -en adiante, o PAI-, cun orzamento de gasto de 10.000.000 euros e a solicitude da axuda FEDER correspondente por un importe de 6.000.000 € no marco da Convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, FEDER 2021-2027, en calidade de entidade solicitante e beneficiaria do mesmo.

Na Resolución do 1 de outubro de 2025, da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se resolve provisionalmente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, concedese á solicitude de proxecto 363/2025- “PAI VAL MIÑOR 15 MINUTOS”, a concesión da senda financeira ao PAI de 4.365.151,80 € (taxa de cofinanciación do 60%) para unha inversión pública (orzamento total subvencionable) correspondente de 7.275.253,00 €, o que suporá unha cofinanciación de 2.910.101,20 €.

En data 16/10/2025 recíbese Comunicación do órgano instrutor para os interesados tras a Resolución do 1 de outubro de 2025 na que se insta a proceder á aceptación da senda financeira asignada co fin de axilizar a tramitación definitiva da axuda, remitíndose a Aceptación da senda FEDER concedida asinada polo representante legal da Deputación de Pontevedra o 24/10/2025.



Finalmente, a Dirección Xeral de Fondos Europeos publica, o 16 de xaneiro de 2026, a resolución pola que se resolve definitivamente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a plans de actuación integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027, ratificando o disposto na resolución provisional de 1 de outubro de 2025.

Táboa 1. Senda financeira concedida ao PAI Val Miñor 15 Minutos

Orzamento total subvencionable	Axuda FEDER (60%)	Cofinanciación
7.275.253,00€.	4.365.151,80 €.	2.910.101,20 €.

A Deputación de Pontevedra como entidade beneficiaria da senda financeira FEDER concedida ao PAI, será a responsable de garantir a execución das actuacións nel contempladas. Tendo en conta que as devanditas actuacións se desenvolverán no territorio dos Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, beneficiando de maneira directa, tanto a cada un dos Concellos, como ao conxunto do territorio, a contía da cofinanciación será financiada a partes iguais entre a Deputación Provincial e os tres concellos da seguinte forma:

- O FEDER aportará o 60% do orzamento subvencionable.
- A Deputación aportará o 20% do orzamento subvencionable.
- Os Concellos aportarán o 20% do orzamento subvencionable das actuacións que se desenvolvan no seu término municipal.
- Os Concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar aportarán o 20% do orzamento subvencionable das actuacións que se desenvolvan na AUF Val Miñor, a razón do 6,67% cada Concello.
- Os Concellos aportarán así mesmo o 100% da achega municipal adicional que sexa necesaria para cubrir os custos non subvencionables das actuacións no seu termo municipal.



Táboa 2 CADRO DE PREVISIÓN ECONÓMICA E PLANIFICACIÓN FINANCIERA DAS ACTUACIÓNS PRIORIZADAS NO MARCO DO PAI.

PROXECTOS	COD	ACTUACIÓN	ÁMBITO	ORZAMENTO TOTAL (1)	ORZAMENTO SUBVENCIÓNABLE (2)	AXUDA FEDER (60% de (2))	COFINANCIACIÓN DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (20% de (2))	COFINANCIACIÓN MUNICIPAL (20% de (2))			ACHEGA MUNICIPAL ADICIONAL (1)-(2)
								COFINANCIACIÓN MUNICIPAL NIGRÁN	COFINANCIACIÓN MUNICIPAL GONDOMAR	COFINANCIACIÓN MUNICIPAL BAIONA	
01. ENTORNO URBANO DE PROXIMIDADE NO VAL MIÑOR	1.1	Exo cívico e carril bici en AvenidaCastelao, Nigrán	Nigrán		- €	- €	- €	- €	- €	- €	
	1.2	Senda ciclopeatonal del río Muíños, Porto do Mole-Playa América	Nigrán	450.000,00 €	450.000,00 €	270.000,00 €	90.000,00 €	90.000,00 €	- €	- €	
	1.3	Senda ciclista e integración ecolóxica Baiona - A Ramallosa.	Baiona	446.000,00 €	446.000,00 €	267.600,00 €	89.200,00 €	- €	- €	89.200,00 €	
	1.4	Senda ciclista A Ramallosa - Panxón	Nigrán	1.015.000,00 €	1.015.000,00 €	609.000,00 €	203.000,00 €	203.000,00 €	- €	- €	
	1.5	Senda ciclista e peonil no entorno de Mañufe	Gondomar		- €	- €	- €	- €	- €	- €	
	1.6	Aplicación dixital para a xestión da mobilidade ciclista	AUF	90.000,00 €	90.000,00 €	54.000,00 €	18.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €	
	1.7	Liña de transporte público no Val Miñor.	AUF		- €	- €	- €	- €	- €	- €	
	1.8	Centralización e dixitalización do servizo de taxis do Val Miñor	AUF	90.000,00 €	90.000,00 €	54.000,00 €	18.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €	
02.ESPAZO LITORAL RESILIENTE E INTEGRADO	2.1	Rexeneración medioambiental e impulso das dinámicas ec	Baiona	1.500.000,00 €	1.385.000,00 €	831.000,00 €	277.000,00 €	- €	- €	277.000,00 €	115.000,00 €
	2.2	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor, en Baiona.	AUF	250.000,00 €	250.000,00 €	150.000,00 €	50.000,00 €	16.666,67 €	16.666,67 €	16.666,67 €	
	2.3	Rexeneración ambiental e mellora ecolóxica da enseada do Miñor, en Nigrán.	AUF	150.000,00 €	150.000,00 €	90.000,00 €	30.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	10.000,00 €	
03. ECOSISTEMA CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO E A INCLUSIÓN SOCIAL	3.1	Equipamento cultural vertebrador en A Ramallosa.	Nigrán	600.000,00 €	600.000,00 €	360.000,00 €	120.000,00 €	120.000,00 €	- €	- €	
	3.2	Recuperación e posta en valor da Casa Peralba, en Gondomar, como espazo cultural e dinamizador social.	Gondomar	1.652.500,00 €	1.652.500,00 €	991.500,00 €	330.500,00 €	- €	330.500,00 €	- €	
	3.3	Incremento do espazo público urbano no entorno da Casa Peralba.	Gondomar	247.300,00 €	247.300,00 €	148.380,00 €	49.460,00 €	- €	49.460,00 €	- €	
	3.4	Aplicación Dixital Val Miñor Cultural.	AUF	60.573,13 €	60.573,13 €	36.343,88 €	12.114,63 €	4.038,21 €	4.038,21 €	4.038,21 €	
04. REDE DE EQUIPAMENTOS SOSTIBLE E EFICIENTE	4.1	Mellora da eficiencia enerxética na Praza de Abastos de Baiona	Baiona		- €	- €	- €	- €	- €	- €	
	4.2	Rehabilitación, posta en valor e mellora da eficiencia enerxética no Mercado Municipal de Gondomar.	Gondomar	294.100,00 €	294.100,00 €	176.460,00 €	58.820,00 €	- €	58.820,00 €	- €	
	4.3	Inclusión de solucións dixitais para a mellora da eficiencia enerxética.	AUF		- €	- €	- €	- €	- €	- €	
05. MEDIOAMBIENTE URBANO E PATRIMONIO CULTURAL	5.1	Implementación dun sistema de control dixital de tráfico no núcleo urbano de Baiona e control de accesos no seu Casco Histórico.	Baiona	198.779,87 €	198.779,87 €	119.267,92 €	39.755,97 €	- €	- €	39.755,97 €	
	5.2	Recuperación do espazo público e mellora da calidade urbana en Rúa Ponte Nova.	Baiona		- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	5.3	Rexeneración do espazo público, incremento da rede peonil e posta en valor da Rúa Hortas Reais, no núcleo urbano de Baiona.	Baiona	346.000,00 €	346.000,00 €	207.600,00 €	69.200,00 €	- €	- €	69.200,00 €	
				7.390.253,00 €	7.275.253,00 €	4.365.151,80 €	1.455.050,60 €	455.704,88 €	481.484,88 €	517.860,85 €	115.000,00 €

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
 Código seguro de verificación:QDWSPEDG6GYO1TJJ



Por proxecto de gasto a planificación orzamentaria anual quedaría segundo o establecido a continuación:

Táboa 3 Planificación e desglose por anualidades relativa ao proxecto de gasto do PAI VAL MIÑOR BAIONA

2610001.PAI VAL MIÑOR BAIONA	2026	2027	2028	2029	Total
1. Orzamento total	2.044.779,87	0,00	446.000,00	0,00	2.490.779,87
2. Orzamento subvencionable	1.929.779,87	0,00	446.000,00		2.375.779,87
3. Cofinanciación FEDER (60% de (2))	1.157.867,92	0,00	267.600,00	0,00	1.425.467,92
4. Cofinanciación Deputación (20% de (2))	385.955,97	0,00	89.200,00		475.155,97
5. Cofinanciación Concello (20% de (2))	95.031,19	126.708,26	126.708,26	126.708,26	475.155,97
6. Achega municipal adicional (1)-(2)	23.000,00	30.666,67	30.666,67	30.666,67	115.000,00
7. Achega municipal total (5)+(6)	118.031,19	157.374,93	157.374,93	157.374,93	590.155,97

Táboa 4 Planificación e desglose por anualidades relativa ao proxecto de gasto do PAI VAL MIÑOR GONDOMAR

2610002.PAI VAL MIÑOR GONDOMAR	2026	2027	2028	2029	Total
1. Orzamento total	541.400,00	1.652.500,00	0,00	0,00	2.193.900,00
2. Orzamento subvencionable	541.400,00	1.652.500,00	0,00	0,00	2.193.900,00
3. Cofinanciación FEDER (60% de (2))	324.840,00	991.500,00	0,00	0,00	1.316.340,00
4. Cofinanciación Deputación (20% de (2))	108.280,00	330.500,00			438.780,00
5. Cofinanciación Concello (20% de (2))	87.756,00	117.008,00	117.008,00	117.008,00	438.780,00
6. Achega municipal adicional (1)-(2)					0,00
7. Achega municipal total (5)+(6)	87.756,00	117.008,00	117.008,00	117.008,00	438.780,00

Táboa 5 Planificación e desglose por anualidades relativa ao proxecto de gasto do PAI VAL MIÑOR NIGRÁN

2610003.PAI VAL MIÑOR NIGRÁN	2026	2027	2028	2029	Total
1. Orzamento total	600.000,00	0,00	1.465.000,00	0,00	2.065.000,00
2. Orzamento subvencionable	600.000,00	0,00	1.465.000,00	0,00	2.065.000,00
3. Cofinanciación FEDER (60% de (2))	360.000,00	0,00	879.000,00	0,00	1.239.000,00
4. Cofinanciación Deputación (20% de (2))	120.000,00	0,00	293.000,00	0,00	413.000,00
5. Cofinanciación Concello (20% de (2))	82.600,00	110.133,33	110.133,33	110.133,33	413.000,00
6. Achega municipal adicional (1)-(2)					0,00
7. Achega municipal total (5)+(6)	82.600,00	110.133,33	110.133,33	110.133,33	413.000,00

Táboa 6 Planificación e desglose por anualidades relativa ao proxecto de gasto do PAI VAL MIÑOR AUF

2610004.PAI VAL MIÑOR AUF	2026	2027	2028	2029	Total
1. Orzamento total	165.573,13	385.000,00	90.000,00	0,00	640.573,13
2. Orzamento subvencionable	165.573,13	385.000,00	90.000,00	0,00	640.573,13
3. Cofinanciación FEDER (60% de (2))	99.343,88	231.000,00	54.000,00	0,00	384.343,88
4. Cofinanciación Deputación (20% de (2))	33.114,63	77.000,00	18.000,00		128.114,63
5. Cofinanciación Concello (20% de (2))	25.622,93	34.163,90	34.163,90	34.163,90	128.114,63
Baiona	8.540,98	11.387,97	11.387,97	11.387,97	42.704,88
Gondomar	8.540,98	11.387,97	11.387,97	11.387,97	42.704,88
Nigrán	8.540,98	11.387,97	11.387,97	11.387,97	42.704,88
6. Achega municipal adicional (1)-(2)					0,00
7. Achega municipal total (5)+(6)	25.622,93	34.163,90	34.163,90	34.163,90	128.114,63



A achega correspondente á Deputación de Pontevedra relativa á cofinanciación do 20% do orzamento subvencionable por anualidades reflíctese da seguinte forma:

PAI VAL MIÑOR 15 MINUTOS	2026	2027	2028	2029	Total
Cofinanciación Deputación	647.350,60	407.500,00	400.200,00	0,00	1.455.050,60

A continuación figura a planificación do gasto por anualidades para o conxunto do PAI coas correspondentes cofinanciación e achegas:

Táboa 7. Planificación do gastos por anualidades para o conxunto do PAI Val Miñor 15 Minutos

